


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 22/03/2023 12:26:01

SAIDA **5274/23**

María García Gómez en representación do Grupo
Municipal da Marea Atlántica
mg.gomez@coruna.gal



Expediente: B.10.Q/2901/23

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023

Estimada Sra.:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número que figura arriba.


Unha vez estudado o seu escrito comunicámoslle a súa admisión a trámite, ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante o Concello da Coruña. En concreto requirimos desa administración que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre a normativa municipal vixente sobre as vivendas de uso turístico (VUT) e sobre si existe algunha actuación ou iniciativa por parte do Concello da Coruña para regular e controlar este tipo de vivendas. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que esa administración ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional. Temos que sinalar tamén que a Valedora do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada a tramitación da queixa, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolle a confianza que nos demostra, reciba un atento saúdo

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo



Valedora
do Pobo
Galicia